

ACTA DE ANÁLISE DO INFORME DA OFICINA TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUTURAS, ENXEÑERÍA E SERVIZOS SOBRE OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: 2017/ABERTO OBRAS/000013

CAMPO DE FÚTBOL DE CAMPAÑÓ

ACTO: Proceder ao análise do informe da Oficina Técnica de Medio Ambiente, Enxeñería, Infraestruturas e Servizos sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados e proposta de adxudicación.

ÓRGANO QUE SE REÚNE: mesa de contratación.

DÍA: 12/06/2018

LUGAR: Sala de Xuntas do edificio sito na rúa Michelena, 30, Pontevedra.

HORA DE INICIO: 09:35 horas

HORA DE FIN: 09:40 horas

No expediente mencionado na parte superior desta acta e no lugar, día e hora indicados, comparecen as persoas que de seguido se relacionan co obxecto de proceder a realización do acto mencionado no expediente de contratación indicado.

ASISTENTES:

PRESIDENTE: Concelleiro de contratación e facenda	D. Raimundo González Carballo
SECRETARIO:	D. José Francisco González Neira (Xefe do Servizo de Contratación).
VOGAIS:	Dona Blanca Vega Lorenzo (Interventora). D. José Antonio García Mon (Director da Asesoría Xurídica). D. Miguel Aparicio Maceiras (Enxeñeiro de Camiños da Oficina Técnica de Medio Ambiente, Enxeñería, Infraestruturas e Servizos)

A secretaría da conta da documentación achegada pola empresa SERGONSA SERVICIOS S.L., única das empresas requiridas que presenta documentación, para que xustifique a súa oferta que está incurso en valores anormais ou desproporcionadas, así como dos informes emitidos pola oficina técnica sobre a xustificación que presenta a citada entidade e sobre a avaliación das ofertas presentadas.

Os membros da mesa de contratación logo de estudar os informes mencionados, por unanimidade, ACORDAN:

Primeiro.- Aceptar os informes do Enxeñeiro de Camiños da Oficina Técnica de Medio Ambiente, Enxeñería, Infraestruturas e Servizos emitidos no expediente de contratación mencionado anteriormente, no que se analiza a xustificación achegada pola única empresa das



requiridas que presentou documentación e que presenta valores anormais ou desproporcionados, e sobre a avaliación da ofertas presentadas.

Segundo.- Considerar que, de conformidade co informe da oficina técnica anterior, a oferta da empresa SERGONSA SERVICIOS S.L. non poden ser cumprida a pesar de presentar valores anormais ou desproporcionados polos motivos expostos neste informe que se asumen, e en consecuencia propoñer ao órgano de contratación, que exclúa a esa entidade da clasificación deste procedemento de contratación.

Terceiro.- Declarar como desproporcionadas ou anormais as ofertas formuladas pola empresas EXPLOTACIÓNS MEDIOMABIENTAIS S.L.U., UTE CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.-IMESAPI, S.A. e CONSTRUCTORA EDISERPO, S.L., por non xustificar os valores presuntamente anormais existentes nas ofertas presentadas, e polo tanto se exclúen deste procedemento de contratación.

Cuarto.- Aceptar e asumir as puntuación reflexada no informe técnico obrante no expediente nos que se valoran as ofertas das empresas e que foron aceptados por esta mesa de contratación e, en consecuencia, outorgarlle ás empresas admitidas como puntuación polas ofertas as que constan no devandito informe, que son as seguintes:

EMPRESAS	OFERTA ECONÓMICA	AMPLIACIÓN PRAZO MANTEMENTO	MELLORA 1	MELLORA 2	MELLORA 3	MELLORA 4	TOTAL
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	9,71	0,00	11,81	0,00	0,00	0,00	21,52
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	12,79	0,00	11,81	9,20	7,97	0,00	41,77
NATURGALIA, S.L.	7,68	5,24	11,81	9,20	7,97	5,78	47,68
ALVAC, S.A.	38,96	2,10	0,00	0,00	7,97	5,78	54,81
OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO S.L.	0,59	5,24	11,81	9,20	7,97	5,78	40,59
ELSAMEX, S.A.U.	39,73	5,24	11,81	9,20	7,97	5,78	79,73
UTE O3 SERVICIOS Y CONTRATAS S.L.-MANUEL NOVOA CASTRO S.L.U.	60,00	2,10	0,00	0,00	0,00	0,00	61,10
CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)	23,82	5,24	11,81	9,20	7,97	5,78	63,82

Así mesmo, a mesa de contratación, ACORDA:

Primeiro.- De conformidade coa puntuación asignada, acórdase clasificar as empresas pola seguinte orde, conforme as ofertas presentadas por estas:

1. ELSAMEX, S.A.U.
2. CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)
3. UTE O3 SERVICIOS Y CONTRATAS S.L.-MANUEL NOVOA CASTRO S.L.U.
4. ALVAC, S.A.
5. NATURGALIA, S.L.
6. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.



7. OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO S.L
8. OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)

Segundo.- Que se incorporen todas as ofertas presentadas ao expediente de contratación.

Terceiro.- Propor a adxudicación do contrato relativo ao expediente de contratación mencionado na cabeceira desta acta, á entidade que de seguido se relaciona, por ser a oferta económica máis vantaxosa: ELSAMEX, S.A.U.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente da por finalizado o acto mencionado anteriormente e levanta a sesión do que eu, como Secretario, dou fe.

